

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE**

RESOLUCIÓN do 11 de xaneiro de 2023 pola que se publica a convocatoria, mediante procedemento de asignación de concerto social, da execución do Programa de integración familiar, cofinanciado polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento BS213H).

O Estatuto de autonomía de Galicia no artigo 27.23 atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil, establece no seu artigo 11.2.c) a integración familiar e social como un dos principios reitores da acción administrativa.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Xuventude, ten a obriga de prestar servizos que conduzan á integración social e familiar dos menores en situación de risco ou desamparo nun ámbito social e familiar normalizado, encadrándose neste marco o obxecto do presente concerto social.

A dita lei orgánica establece no seu artigo 19.bis 1 e 2 que cando a entidade pública asuma a tutela ou garda do menor elaborará un plan individualizado de protección que establecerá os obxectivos, a previsión e o prazo das medidas de intervención que se van adoptar coa súa familia de orixe, incluído, de ser o caso, o programa de reintegración familiar. No caso de tratarse dun menor con discapacidade, a entidade pública garantirá a continuidade dos apoios que viñese recibindo ou a adopción doutros máis adecuados para as súas necesidades. Cando do prognóstico se derive a posibilidade de retorno á familia de orixe, a entidade pública aplicará o Programa de reintegración familiar, todo iso sen prexuízo do disposto na normativa relativa aos menores estranxeiros non acompañados.

A intervención familiar está prevista no Decreto 192/2015, do 29 de outubro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia. En concreto, o punto 2.4.3 do anexo desta norma refírese ao «servizo de intervención e atención integral de menores e as súas familias» conxunto de intervencións técnico-profesionais destinado á redución daqueles factores de risco que poñen en perigo ou impiden a convivencia do neno, nena ou adolescente coa súa familia. O obxectivo xeral do servizo é xerar cambios nas circunstancias das persoas menores e da súa familia, promovendo e optimizando to-



dos os recursos protectores da familia e da comunidade en que vive a persoa menor, de xeito que se garanta o desenvolvemento integral de nenos/nenas e adolescentes e a cobertura das súas necesidades básicas por parte das súas persoas proxenitoras.

A habilitación do réxime de concertos sociais na Comunidade Autónoma de Galicia a través do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, abre a posibilidade de aplicar esta figura a programas e servizos desenvolvidos pola Entidade Pública de Protección á Infancia e á Adolescencia de Galicia.

Este proxecto será cofinanciado polo Fondo Social Europeo Plus nunha porcentaxe do 60 % no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 e pola Consellería de Política Social e Xuventude no 40 % restante.

O procedemento tramitarase como expediente anticipado de gasto conforme a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998 reguladora da tramitación anticipada de gasto, na aplicación orzamentaria 13.02.312B.228 que figura no proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 e que foi aprobado polo Consello da Xunta na reunión do 18 de outubro de 2022. Todos os actos ditados no desenvolvemento deste concerto social se entenderán condicionados a que, unha vez aprobados os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes, e quedan condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente nos devanditos orzamentos xerais.

Cumpridos os requisitos do artigo 10 e de conformidade co artigo 11 do dito Decreto 229/2020, a resolución do procedemento BS213H do presente concerto social, logo da fiscalización da proposta, correspóndelle á persoa titular da Consellería de Política Social e Xuventude. As resolucións publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

Polo exposto,

RESOLVO:

Primeiro. Autorizar o inicio e convocatoria, mediante procedemento de asignación de concerto social, da execución do Programa de integración familiar, cofinanciado polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento BS213H) que se xunta á presente resolución no anexo I e ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta resolución de inicio.

CVE-DOG: con4ige5-m121-oy5-99s7-9ldmktub7j80



Segundo. Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interporse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2023

Fabiola García Martínez
Conselleira de Política Social e Xuventude

ANEXO I

A) Necesidade administrativa que se pretende satisfacer.

A Constitución española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, e sinala, igualmente, que nenos, nenas e adolescentes deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os dereitos do neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, e nos reais decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo, e 534/1984, do 25 de xaneiro, e, en virtude da dita competencia, aprobáronse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

A Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 14.1.b) do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código civil, na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o



Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro, na Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia e a Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e na Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia fronte á violencia.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Xuventude, considera prioritario promover e potenciar a atención axeitada dos nenos/as nas súas familias. A dita atención forma parte do presente Programa de integración familiar nas catro provincias da Comunidade Autónoma galega, e que terá como obxectivos:

- A atención e tratamento a nenos/as e familias en que se dean situacións de maltrato que fagan recomendable a separación do/da neno/a do seu núcleo familiar. O obxectivo do programa será a incorporación do/da neno/a á súa familia nuclear ou extensa desde a situación de internamento ou acollemento familiar.

- O deseño dun nivel especializado de intervención coas familias con nenos, nenas e adolescentes en situación de risco, ou maltrato, en que non se faga recomendable a separación da persoa menor do seu contorno familiar, coa colaboración da entidade local competente na prestación de servizos comunitarios básicos.

O artigo 2 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que este tipo de relación xurídica se pode establecer entre a Administración xeral autonómica e aquelas entidades que ofrezan servizos sociais previstos nas carteiras de servizos vixentes que se determinen.

A intervención familiar está prevista no Decreto 192/2015, do 29 de outubro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia. En concreto, o punto 2.4.3 do anexo desta norma refírese ao «servizo de intervención e atención integral de menores e as súas familias» conxunto de intervencións técnico-profesionais destinado á redución daqueles factores de risco que poñen en perigo ou impiden a convivencia do neno, nena ou adolescente coa súa familia. O obxectivo xeral do servizo é xerar cambios nas circunstancias das persoas menores e da súa familia, promovendo e optimizando todos os recursos protectores da familia e da comunidade en que vive a persoa menor, de xeito que se garanta o desenvolvemento integral de nenos, nenas e adolescentes e a cobertura das súas necesidades básicas por parte das súas persoas proxenitoras.



B) Obxecto do concerto social.

O obxecto deste concerto social é o desenvolvemento do Programa de integración familiar, cofinanciado polo Programa FSE+ Galicia 2021-2027, nas catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia durante os anos 2023 (estimación para 10 meses) a 2026 e con posibilidade de prórrogas ata 2028.

Son beneficiarios/as deste programa:

1. Familias con nenos e nenas residentes en centros de acollida ou en acollemento familiar.
2. Familias con nenos e nenas en situación de risco.
3. Familias con grave deterioración familiar con nenos e nenas en situación de desprotección, que seguen a manter relacións cos seus fillos e fillas.

Os obxectivos e actuacións que se desenvolverán:

O obxectivo xeral coas familias participantes no programa consiste en potenciar os recursos e corrixir os déficits existentes nestas, de xeito que se garanta o desenvolvemento integral dos nenos e nenas e a cobertura das necesidades básicas por parte dos pais e nais.

Son obxectivos específicos:

1. Contribuír, a nivel teórico, á adquisición dun coñecemento máis preciso das situacións sociofamiliares dos nenos e nenas acollidos/as en centros e das estratexias de prevención máis axeitadas para cada caso.
2. Traballar na procura da mellora do sistema de protección á infancia con dificultades sociais, especialmente nas situacións de maltrato infantil.

Áreas de intervención:

- Preservación familiar: dirixido a aquelas familias en que se detecta unha situación de risco de desprotección, a través dun traballo de potenciación dos seus recursos e promoción de cambios na súa dinámica familiar, que eviten a separación do neno ou nena do núcleo familiar.



- Reunificación familiar: dirixido a aquelas familias en que a situación de desprotección xa provocou a separación do neno ou nena e o seu ingreso temporal nun centro de protección ou a formalización dun acollemento familiar temporal, a través dunha intervención familiar intensiva que corrixa os factores de risco e déficits atopados, estimule procesos de cambio e proporcione estratexias e habilidades que permitan a rápida reunificación familiar, a volta dos nenos e nenas á súa contorna familiar.

- Funcionalidade familiar: que supón un traballo intensivo previo á intervención familiar propia das outras dúas áreas de preservación e reunificación, dirixida a familias en que se advirte unha grave deterioración familiar, cun nivel de desestruturación de complexidade elevada, que impide que poidan recuperar condicións protectoras nos dous anos previstos de intervención, para que a familia poida romper a dinámica de deterioración profunda e consiga ser unha referencia positiva para os seus fillos e fillas.

C) Modalidade de concertación.

A modalidade de concertación é o procedemento de asignación de concertos, regulado no artigo 9 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. O concerto será asignado a unha única entidade.

D) Réxime económico do acordo.

1. Orzamento e crédito orzamentario a que se imputa o gasto:

A Consellería de Política Social e Xuventude financiará o custo derivado da execución do presente concerto cunha contía máxima de 3.366.230,43 € no período 2023 (estimación para 10 meses) ata o ano 2026. Este importe será cofinanciado nunha porcentaxe do 60 %, polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, dentro do obxectivo político 4 «Unha Europa máis social e inclusiva mediante a aplicación do pilar europeo de dereitos sociais», prioridade 7 «Garantía infantil», obxectivo específico k «Mellorar a igualdade e a oportunidade do acceso a uns servizos de calidade, sustentables e asumibles, incluídos os servizos que promovan o acceso á vivenda e a unha atención centrada nas persoas, incluída a asistencia sanitaria, modernizar os sistemas de protección social, tamén fomentando o acceso á protección social, con especial atención aos menores e aos grupos desfavorecidos, mellorar a accesibilidade, tamén para persoas con discapacidade, a efectividade e a resiliencia dos sistemas de asistencia sanitaria e dos servizos de coidados de longa duración» e medida 7.k.02 «Programa de integración e preservación



familiar», e con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.312B.228 que figura no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión do 18 de outubro de 2022. Todos os actos ditados no desenvolvemento desde concerto social se entenderán condicionados a que, unha vez aprobados os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes, e quedando condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente nos devanditos orzamentos xerais. De ser o caso, para o incremento do crédito e logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda, é necesario o informe previo favorable do organismo intermedio do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 (actualmente a Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos).

Este concerto deberá someterse ás disposicións do Tratado da Unión Europea e aos actos fixados na súa virtude, e será coherente coas actividades, políticas e prioridades comunitarias en prol dun desenvolvemento sustentable e mellora do ambiente, debendo promover o crecemento, a competitividade, o emprego e a inclusión social, así como a igualdade entre homes e mulleres, de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e Política de Visados.

Quedaré suxeito á normativa comunitaria, nacional e autonómica que resulte aplicable ás operacións cofinanciadas co Fondo Social Europeo Plus. En particular, será de aplicación a seguinte normativa específica: o Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e Política de Visados; o Regulamento (UE) 2021/1057 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establece o Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e polo que se derroga o Regulamento (UE) 1296/2013, así coma as normas de subvencionabilidade ditadas pola autoridade de xestión para o período 2021-2027.





2. Distribución en anualidades:

Distribución de anualidades								
2023 (10 meses)			2024			2025		
FSE+	FP	Total	FSE+	FP	Total	FSE+	FP	Total
423.179,44 €	282.119,62 €	705.299,06 €	523.959,40 €	349.306,27 €	873.265,67 €	536.299,71 €	357.533,14 €	893.832,85 €

2026			2027 (Posible prórroga)			2028 (Posible Prórroga)		
FSE+	FP	Total	FSE+	FP	Total	FSE+	FP	Total
536.299,71 €	357.533,14 €	893.832,85 €	536.299,71 €	357.533,14 €	893.832,85 €	536.299,71 €	357.533,14 €	893.832,85 €

Posibles modificacións								
2023 (10 meses)			2024			2025		
FSE+	FP	Total	FSE+	FP	Total	FSE+	FP	Total
211.589,72 €	141.059,81 €	352.649,53 €	261.979,70 €	174.653,14 €	436.632,84 €	268.149,86 €	178.766,57 €	446.916,43 €

2026			2027 (Posible prórroga)			2028 (Posible prórroga)		
FSE+	FP	Total	FSE+	FP	Total	FSE+	FP	Total
268.149,86 €	178.766,57 €	446.916,43 €	268.149,86 €	178.766,57 €	446.916,43 €	268.149,86 €	178.766,57 €	446.916,43 €

TOTAL anualidades 2023 (10 meses) - 2026		
TOTAL FSE+ (2023-2026)	TOTAL FP (2023-2026)	TOTAL FSE+ / FP (2023-2026)
2.019.738,26 €	1.346.492,17 €	3.366.230,43 €

VALOR ESTIMADO: total anualidades + posibles prórrogas + posibles modificacións		
TOTAL FSE+	TOTAL FP	TOTAL FSE+ / FP
4.638.506,51 €	3.092.337,68 €	7.730.844,20 €



3. Prezo.

A Consellería de Política Social e Xuventude aboará pola prestación do servizo obxecto deste concerto un importe mensual, que reflicte en cada ano os incrementos salariais que se desprenden do IV Convenio colectivo estatal de reforma xuvenil e protección de menores (BOE núm. 42, do 18 de febreiro de 2021), e que se observa na distribución por anualidades recollida no punto anterior.

De acordo coa dita distribución, a contía que se percibirá pola execución do servizo en cada mensuralidade será a seguinte:

Anualidade/s	Contía mensual que facturará a entidade adxudicataria
2023 (10 meses)	70.529,91 €
2024	72.772,14 €
2025-2026 (e posibles prórrogas 2027 e 2028)	74.486,07 €

A devandita cantidade destinarase a soportar os gastos que aparecen desagregados no estudo de custos que consta no expediente administrativo deste concerto social, exixido polo artigo 10.2.d) do Decreto 229/2020, do 17 de decembro.

E) Duración do concerto social e posibilidade de renovacións.

Este concerto social, cofinanciado polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento BS213H), terá unha vixencia desde a data de formalización do concerto ata o 31.12.2026, coa previsión de que entre en funcionamento o 1.3.2023 e con posibilidade de prórrogas ata o 31.12.2028 en caso de existir crédito adecuado e suficiente.

De acordo co artigo 8 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, coa finalidade de garantir a estabilidade na súa provisión, despois da resolución deste concerto social, o programa poderá continuar tras a convocatoria dun novo concerto financiado con fondos propios ou da UE, sempre e cando exista crédito adecuado e suficiente.

F) Requisitos que deben cumprir as entidades para poder presentarse ao procedemento de concertación.

Para poderen acollerse ao réxime de concerto social, as entidades que presten servizos sociais deberán cumprir os requisitos seguintes:

a) Estar debidamente inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Comunidade Autónoma de Galicia.



b) Contar coa solvencia suficiente segundo os seguintes indicadores:

b.1) Solvencia económica e financeira. Acreditarase por un dos seguintes medios:

b.1.1) Volume anual de negocios, referido aos tres últimos exercicios concluídos dispoñibles en función da data de creación ou inicio das actividades da entidade. Reputarase solvente a entidade licitadora que acredite ter un volume de negocios no ámbito da atención á infancia e á adolescencia, referido ao ano de maior volume de negocios dos últimos tres concluídos, por un importe igual ou superior a 500.000,00 euros.

b.1.2) Un seguro de indemnización de responsabilidade civil por riscos profesionais, vixente ata o fin do prazo de presentación de ofertas, por un importe igual ou superior aos seguintes valores anuais: 500.000,00 €.

A súa acreditación efectuarase por medio:

1. Dunha declaración responsable asinada polo representante legal do licitador en que se exprese o importe asegurado e a súa vixencia, que deberá ser igual ou superior aos valores anuais indicados.

2. Dunha vez adxudicado o concerto, a entidade que resulte adxudicataria estará en condicións de achegar de ser requirida, un certificado expedido pola aseguradora en que consten os importes e riscos asegurados e data de vencemento do seguro, así como un documento de compromiso vinculante de subscripción, prórroga ou renovación do seguro, no caso en que proceda para garantir o mantemento da súa cobertura durante a execución do concerto.

b.2) Solvencia técnica e profesional:

Reputarase solvente a entidade concertante que acredite, cando menos, un dos seguintes requisitos:

– Ter un ou varios servizos de natureza análoga ao obxecto deste concerto, que se prestasen a algunha Administración pública ou entidade privada (contabilizados ata o fin do prazo de presentación de proposicións) cuxos importes acumulados no ano de maior execución sexa igual ou superior 500.000,00 euros.

– Polo menos a persoa que exerza de coordinador/a e outros dous membros do equipo técnico contén, respectivamente en postos de características asimilables, cunha experien-



cia mínima de dous anos, dentro dos últimos tres, nalgunha empresa ou entidade que, pola súa vez, prestase servizos para unha Administración pública ou entidade privada, sempre que tanto o servizo prestado como as tarefas desempeñadas polo persoal teñan natureza análoga ao obxecto do concerto.

c) Contar cunha experiencia mínima de atención á infancia e á adolescencia de 2 anos.

d) Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas pola lexislación vixente.

e) Estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

f) Estar en condicións de poder presentar, de resultar adxudicataria, os seguros que se detallan no punto K.3 desta resolución (póliza de seguros dos locais e de responsabilidade civil).

g) Estar en condicións de acreditar o cumprimento da normativa que, con carácter xeral ou específico, lle sexa aplicable, tanto pola natureza xurídica da entidade como polo tipo de servizo obxecto do concerto social.

G) Prazo e lugar de presentación de solicitudes.

1. As solicitudes de participación na convocatoria de concerto social deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo II) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> (código de procedemento BS213H).

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>). A presentación da solicitude supón a aceptación incondicionada da persoa solicitante da totalidade do contido da convocatoria, sen excepción ou reserva ningunha.



2. O prazo para presentar as solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

H) Documentación complementaria.

1. As entidades interesadas deberán achegar, coa solicitude, a seguinte documentación:

a) Unha relación de todos os documentos que se presentan.

b) Declaración responsable ou certificación que acredite que conta coa solvencia económica e financeira e técnica e profesional segundo se indica na cláusula F desta convocatoria, no caso de optar por acreditarla neste momento.

c) Documentación que acredite que a entidade conta cunha experiencia mínima de 2 anos na atención á infancia e á adolescencia, como se indica na cláusula F desta convocatoria, no caso de optar por acreditarla neste momento. No caso de que esta experiencia derive de instrumentos xurídicos asinados coa Xunta de Galicia, acreditarase de oficio. A entidade presentará, de ser o caso, unha relación dos servizos prestados á Xunta de Galicia.

d) Relación do persoal adscrito ao servizo segundo o anexo V da resolución da convocatoria. O persoal poderase contratar ou asignar a este programa tras a adxudicación do concerto. Neste caso, indicarse neste momento «pendente de contratación».

e) Documentación que acredite os criterios de selección e preferencia (cláusula O) da resolución da convocatoria:

e.1) Proxecto técnico, diferenciado nos seguintes puntos:

- Proxecto de intervención coas familias e nenos, nenas e adolescentes.
- Proxecto de formación continua do persoal.
- Accións de sensibilización e difusión en relación coa programación.
- Sistema de avaliación dos resultados da intervención.



e.2) Descrición das instalacións en que se levará a cabo o servizo: para cada unha das instalacións ofertadas achegaranse as informacións e documentos seguintes:

– Situación xeográfica, coa súa localización en plano.

– Descrición clara das súas condicións físicas e arquitectónicas, acompañando planos de planta e fotografías, tanto do exterior como dos espazos interiores, e sinalando para cada un destes o número de metros cadrados útiles e os usos correspondentes.

– Descrición do equipamento e recursos materiais con que conta.

e.3) Documentación que acredite a posesión da Marca Galega de Excelencia en Igualdade, do Certificado de Empresa Familiarmente Responsable e/ou do recoñecemento á promoción da parentalidade positiva, outorgado polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social xunto coa Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), ou documentos equivalentes.

e.4) Declaración sobre a experiencia do persoal asignado ao proxecto e documentación que a acredite (contratos laborais e certificados de ter prestado servizos en programas relacionados coa preservación e reintegración familiar), de acordo co establecido na cláusula O.

e.5) Declaración sobre a formación do persoal asignado ao proxecto e documentación que a acredite, de acordo co establecido na cláusula O.

e.6) Documentación que acredite a experiencia da entidade no ámbito da protección á infancia e adolescencia. En caso de que a experiencia da entidade se refira a programas efectuados no ámbito da Xunta de Galicia, será suficiente cunha declaración responsable que comprobará, de oficio, a Comisión de Valoración.

f) Certificado de estar en condicións de poder presentar, de resultar adxudicataria, os seguros que se mencionan no punto K.3 desta resolución do concerto (póliza de seguros dos locais e de responsabilidade civil).

g) Certificado de estar en condicións de acreditar o cumprimento da normativa que, con carácter xeral ou específico, lle sexa aplicable, tanto pola natureza xurídica da entidade como polo tipo de servizo obxecto do concerto social.



2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos que se vai presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

I) Comprobación de datos.

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) NIF da entidade solicitante.

b) Inscripción no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Comprobación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas pola lexislación vixente.



d) Comprobación de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Inexistencia de antecedentes penais do persoal que se designe para a prestación do servizo.

f) Inexistencia de antecedentes penais por delitos de natureza sexual e de trata de seres humanos do persoal que se designe para a prestación do servizo.

g) Titulación do persoal da entidade adxudicataria, segundo os puntos 2 e 5 do prego de prescricións técnicas.

2. No caso de que a entidade interesada se opoña á consulta, deberá indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos. Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

J) Órganos competentes para a tramitación e resolución do procedemento.

A tramitación deste procedemento de concerto social correspóndelle á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude.

A resolución correspóndelle á persoa titular da Consellería de Política Social e Xuventude.

K) Procedemento do concerto social.

1. Instrución.

1.1. Este concerto realizarase mediante o procedemento de asignación seleccionando á entidade prestadora do servizo segundo as prestacións ou programas que prestará durante o concerto social, de acordo cos criterios de selección e preferencia desta convocatoria.



1.2. Correspóndelle á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica a instrución do procedemento que verificará que as solicitudes das entidades reúnen os requisitos exixidos e achegaron a documentación preceptiva.

2. Informe da Comisión de Valoración.

2.1. A Comisión de Valoración fará público o resultado das súas deliberacións a través do portal web da Consellería de Política Social e Xuventude.

2.2. A Comisión de Valoración determinará aquelas entidades que cumpran os requisitos para concertar e elaborará un informe en que figurará unha listaxe ordenada, de acordo coas puntuacións obtidas. Proporá para a execución do concerto á entidade que reúna maior puntuación.

3. Documentación que debe presentar a entidade adxudicataria.

Unha vez aceptada pola Consellería de Política Social e Xuventude a proposta da Comisión de Valoración, a entidade seleccionada deberá presentar a seguinte documentación:

– Anexo III.

– Relación de persoal adscrito ao servizo, detallando os datos que non se achegaron coa solicitude (anexo V e anexo V-bis).

– Documentación que acredite a formación e experiencia do persoal asignado ao proxecto (contratos laborais e certificados de ter prestados servizos en programas relacionados coa preservación e reintegración familiar), en caso de non tela presentado coa solicitude.

– Documentación que acredite a solvencia económica e financeira e técnica e profesional, de acordo coas fórmulas escollidas na declaración responsable presentada coa solicitude, de ser o caso.

– Documentación que acredite a subscripción dos seguros que se mencionan a continuación:

A entidade adxudicataria virá obrigada á constitución dunha póliza de seguros para a cobertura dos seguintes riscos:

1. Póliza de seguros que cubra os danos e sinistros que se produzan nos locais, bens, aparellos e materiais afectos ao servizo.



2. De responsabilidade civil que cubra:

– Os danos que puidese sufrir calquera persoa, en si mesma ou nos seus bens, e que deriven do funcionamento dos locais da entidade adxudicataria con que conta o programa.

– Os danos que puidesen ser causados ás persoas e aos bens de terceiros, polos profesionais e, en xeral, calquera persoa dependente da entidade adxudicataria, incluídos os actos derivados de actividades realizadas relacionadas coa prestación do servizo.

A suma asegurada deberá ser dun mínimo de 150.000,00 € por sinistro e 300.000,00 € por anualidade.

A xustificación da póliza subscrita e do pagamento da prima deberá realizarse no momento da formalización, e cada vez que se renove a póliza.

– Xustificante de presentación na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia (na sede de Santiago de Compostela da Consellería de Facenda e Administración Pública ou nas delegacións provinciais da Axencia tributaria de Galicia-Atriga) da garantía que se exige no punto S.2 desta resolución.

4. Formalización do concerto.

1. Este concerto social formalizarase mediante un documento administrativo, co contido establecido no artigo 19 do Decreto 229/220, do 17 de decembro, dentro dos 30 días seguintes ao da publicación da resolución de concertación.

2. O documento de formalización será subscrito, en representación da Administración, pola persoa titular da Consellería de Política Social e Xuventude ou pola persoa en que delegue.

3. O concerto perfeccionarase coa súa formalización e non se poderá iniciar a súa execución sen terse efectuado esta previamente.

4. Efectuada a formalización, a entidade concertada estará obrigada a prestar ás persoas usuarias os servizos sociais nas condicións establecidas na normativa sectorial aplicable, nesta resolución de convocatoria do concerto social e nos criterios de preferencia e selección da entidade.



5. Cando por causas imputables á entidade concertada non se formalizase o concerto social, a Administración acordará a súa resolución e a incautación da garantía no caso de terse constituído.

6. Se as causas da non formalización fosen imputables á Administración, indemnizarase á entidade polos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar.

L) Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

M) Prazo de resolución, notificación e publicación.

1. Dado que o Programa de integración familiar está cofinanciado polo FSE+, deberá notificarse ao beneficiario un documento en que se establezan as condicións da axuda. Nesta resolución constará a información sobre o cofinanciamento polo Programa FSE+ Galicia 2021-2027 e correspondente porcentaxe, con indicación do obxectivo político, prioridade e obxectivo específico. Así mesmo, figurará a identificación do adxudicatario, o prezo que recibirá e obrigas que lle correspondan, os requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos que deben entregarse ou prestarse, o plan de financiamento, o prazo de execución, así como os demais requisitos previstos na normativa comunitaria para a selección de operación que debe conter o documento polo que se establecen as condicións da axuda (DECA). Tamén se lle informará de que a adxudicación do concerto implicará a súa aparición na lista de operacións que se publicará nos termos establecidos no artigo 49.3 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021.

2. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude.



Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

4. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

5. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

6. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

7. A resolución de concertación será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e a publicación terá os efectos da notificación, consonte o artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Consellería de Política Social e Xuventude.

8. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución de concertación será de tres meses contado desde a publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Este prazo poderá ser ampliado, de acordo coa normativa sobre o procedemento administrativo, por un prazo máximo doutros tres meses.

9. Transcorrido o prazo establecido sen se ditar e notificar resolución, as entidades poderán entender desestimada a súa pretensión por silencio administrativo.

N) Recursos contra a resolución.

Este concerto terá carácter administrativo e rexerá nos seus efectos, polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto no artigo 18 do Decreto 229/2020, do 17 de de-

CVE-DOG: con4ige5-m121-oy5-99s7-9ldmktub7j80



cembro, pola Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, así como pola Lei 8/2016, do 8 de xullo, pola que se modifica a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. Na súa falta, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse, rexeráse polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes se a resolución for expresa. Se o acto non for expreso, poderase interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderase interpor directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este for expreso. Se non o for, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O) Criterios de selección e preferencia.

1. Para a formalización deste concerto, de acordo co artigo 33 quinquies.5 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, darase prioridade ás entidades sen ánimo de lucro, cando existan análogas condicións de efectividade, calidade e rendibilidade social, sempre que, en todo caso, se garanta a libre concorrência e se respecten os principios de igualdade de trato, de non discriminación e de transparencia.

Entenderase que existen análogas condicións de efectividade, calidade e rendibilidade social cando as ofertas presentadas polas entidades sen ánimo de lucro superen os 40 puntos segundo o baremo establecido no punto 2 desta cláusula.

Cando non se dean análogas condicións de efectividade, calidade e rendibilidade social, ou en ausencia de entidades de iniciativa social, a Administración poderá concertar co resto de entidades prestadoras de servizos sociais.

CVE-DOG: con4ige5-m121-oy5-99s7-9ldmktub7j80



2. Neste procedemento de asignación de concerto establécense os seguintes criterios para a selección da entidade adxudicataria, coa finalidade de acadar unha valoración que sirva para establecer unha orde de prelación para concertar:

a) Calidade do proxecto técnico (40 puntos), baremado de acordo cos seguintes criterios:

a.1) Proxecto de intervención coas familias e menores, ata 25 puntos, tendo en conta a coherencia entre as distintas problemáticas e necesidades atendidas e os obxectivos, contidos, metodoloxía e actividades propostos, segundo os seguintes criterios:

– Descrición das necesidades e características das familias e menores, beneficiarias deste programa: 1 punto.

– Definición da estrutura e fases da intervención-fases de derivación, elaboración do plan de actuación, intervención, seguimento e finalización, de acordo co establecido no prego técnico do concerto social: ata 8 puntos.

– Desenvolvemento da intervención que se aplicará en función das características e necesidades das familias e nenos, nenas e adolescente: ata 8 puntos.

– Sustento teórico, estratexias e ferramentas a través das cales se articulará o programa: ata 4 puntos.

– Modelos de coordinación cos equipos técnicos de menores das xefaturas territoriais e co resto de axentes sociais e entidades administrativas que interveñan no caso: ata 4 puntos.

a.2) Formación continua do persoal, ata 8 puntos, segundo os seguintes criterios:

– Adecuación de contidos, metodoloxía, recursos empregados respecto aos obxectivos pretendidos: ata 6 puntos.

– Metodoloxía da avaliación da formación ofrecida ao persoal: ata 2 puntos.

a.3) Accións de sensibilización e difusión en relación co programa: ata 2 puntos, segundo os seguintes criterios:

– Adecuación do formato, contido, metodoloxía e recursos empregados aos obxectivos pretendidos: ata 1 punto.



– Metodoloxía de avaliación do impacto da difusión realizada: ata 1 punto.

a.4) Calidade do sistema de avaliación dos resultados da intervención coas familias e nenos, nenas e adolescentes proposto: ata 5 puntos.

b) Instalacións en que se levará a cabo o servizo: ata 10 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

b.1) Dimensións, distribución e grao de adecuación dos espazos, así como grao de adecuación dos equipamentos ás actividades que se vaian realizar, incluída a situación xeográfica: ata 5 puntos.

b.2) Grao de conservación, calidade e confortabilidade dos espazos e equipamentos, incluída a accesibilidade: ata 5 puntos.

c) Medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade: ata 10 puntos:

De acordo co establecido no artigo 57 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, valorarase a existencia na empresa de políticas en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade que se apliquen na execución deste concerto do seguinte xeito:

c.1) Estar en posesión da Marca Galega de Excelencia en Igualdade, ou equivalente (4 puntos).

c.2) Estar en posesión do Certificado de Empresa Familiarmente Responsable, ou equivalente (4 puntos).

c.3) Estar en posesión do recoñecemento á promoción da parentalidade positiva, outorgado polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social xunto coa Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), ou equivalente (2 puntos).

d) Experiencia do persoal asignado ao proxecto: ata 15 puntos. Computarase un punto por cada ano de experiencia do persoal asignado ao proxecto, en materia de preservación e reintegración familiar. Terase en conta tanto a experiencia laboral como persoal técnico en programas ou servizos relacionados directamente co obxecto deste concerto, incluídos os prestados no ámbito dos servizos sociais comunitarios.



En caso de que a entidade acredite a súa solvencia técnica e profesional (líña b.2 da cláusula F desta resolución) a través da experiencia de dous anos da persoa que exerza de de coordinadora e outros dous membros do equipo técnico, este período non se terá en conta para o cómputo neste criterio.

e) Formación do persoal asignado ao proxecto: ata 15 puntos. Valorarase cun punto cada dez horas de formación do persoal en materia de protección á infancia. Neste sentido, terase en conta a participación en congresos ou xornadas, sempre que as certificacións de asistencia se refiran aos dez últimos anos. Para que sexan baremadas, as actividades formativas terán que corresponder a formación regrada e homologada ou teren sido organizadas por entidades autorizadas pola Administración para prestar servizos sociais (inscrición no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, ou equivalente).

f) Por cada ano de servizo acreditado pola entidade no ámbito da protección á infancia e á adolescencia: ata 10 puntos. Computarase un punto por cada ano por encima do requisito mínimo para optar ao concerto establecido na letra c) da cláusula F desta resolución (dous anos).

Empregarase como criterio de desempate un número de integrantes do cadro de persoal superior ao 2 % nos termos do artigo 147.1.a) e o Acordo do Consello da Xunta de 8.4.2010 así como o previsto no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. No caso de que varias empresas se atopen nestas circunstancias, terá preferencia na adxudicación do concerto o licitador que acredite maior porcentaxe de persoal fixo con discapacidade no seu cadro de persoal.

P) Composición e funcionamento da Comisión de Valoración.

1. A Comisión de Valoración está composta polo persoal funcionario que a seguir se relaciona:

	Titular	Suplente
Presidencia	Subdirección Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia	Subdirección Xeral de Demografía e Conciliación
Vogalías	Xefatura do Servizo de Protección de Menores	Xefatura do Servizo de Xustiza Penal Xuvenil
	Psicólogo/a (Servizo de Protección de Menores)	Pedagogo/a (Servizo de Protección de Menores)
	Pedagogo/a (Servizo de Protección de Menores)	Psicólogo/a (Servizo de Protección de Menores)
	Traballador/a social (Servizo de Protección de Menores)	Pedagogo/a (Servizo de Protección de Menores)
Secretaría	Xefatura da Sección de Tramitación Administrativa	Xefatura da Sección de Programación



2. Na organización e funcionamento da Comisión de Valoración aplicarase o disposto, en materia de órganos colexiados, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

3. O órgano instrutor a través da Comisión de Valoración poderá solicitarlles aos interesados cantas aclaracións e ampliacións de información e documentos sexan precisos para a adecuada resolución do procedemento e, en xeral, realizar cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución, entre os que se incluírá, en todo caso, un prazo de corrección de solicitudes, de conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

4. Así mesmo, a Comisión de Valoración poderá solicitar os informes técnicos que precise nos seus labores de instrución.

Q) Condicións técnicas e materiais da prestación obxecto do concerto social.

Q.1. Definición do servizo.

O obxecto deste concerto consiste en desenvolver o Programa de integración familiar nas catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2023 (estimación para 10 meses) a 2026, con posibilidade de prórrogas ata o 2028. Este programa se desenvolverase intentando potenciar os recursos e corrixir os déficits existentes nas familias biolóxicas, de xeito que se garanta o desenvolvemento integral dos nenos e nenas e a cobertura das necesidades básicas por parte dos pais e nais.

Son obxectivos específicos:

– Contribuír, a nivel teórico, á adquisición dun coñecemento máis preciso das situacións sociofamiliares dos nenos e nenas acollidos/as en centros e das estratexias de prevención máis axeitadas para cada caso.

– Traballar na procura da mellora do sistema de protección á infancia con dificultades sociais, especialmente nas situacións de maltrato infantil.

Áreas de intervención:

a) Preservación familiar: dirixido a aquelas familias en que se detecta unha situación de risco de desprotección, a través dun traballo de potenciación dos seus recursos e pro-



moción de cambios na súa dinámica familiar, que eviten a separación do neno ou nena do núcleo familiar.

b) Reunificación familiar: dirixido a aquelas familias en que a situación de desprotección xa provocou a separación do neno ou nena e o seu ingreso temporal nun centro de protección ou a formalización dun acollemento familiar temporal, a través dunha intervención familiar intensiva que corrixa os factores de risco e déficits atopados, estimule procesos de cambio e proporcione estratexias e habilidades que permitan a rápida reunificación familiar, a volta dos nenos e nenas á súa contorna familiar.

c) Funcionalidade familiar: que supón un traballo intensivo previo á intervención familiar propia das outras dúas áreas de preservación e reunificación, dirixida a familias en que se advirte unha grave deterioración familiar, cun nivel de desestruturación de complexidade elevada, que impide que poidan recuperar condicións protectoras nos dous anos previstos de intervención, para que a familia poida romper a dinámica de deterioración profunda e consiga ser unha referencia positiva para os seus fillos e fillas.

As obrigas da entidade en relación co desenvolvemento do programa son as seguintes:

– Designar os profesionais que levarán a cabo o programa en cada provincia, ao que tamén poderán vincular o persoal voluntario que considere conveniente.

O persoal necesario para o desenvolvemento do proxecto, e en función do cal se calculan os módulos económicos, é o seguinte:

Categoría	Número de efectivos
Coordinador/a	1
Psicólogos/as, educadores/as sociais, traballadores/as sociais, pedagogos/as	18
Responsable/s de comunicación, calidade, formación e control de procesos	0,5
Persoal administrativo	3

– Poñer á disposición do programa os locais necesarios para levar a cabo as distintas actividades e intervencións propias do programa, e que serán os seguintes:

a) A Coruña.

b) Lugo.



c) Ourense.

d) Pontevedra.

– Seguir a metodoloxía e procedemento de intervención do proxecto técnico que presente, de acordo cos labores de coordinación establecidos pola Consellería de Política Social e Xuventude.

– Desenvolver as actividades necesarias para a formación do persoal encargado da execución do programa.

– Subministrar á Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de conformidade co disposto no artigo 4 da dita lei.

– Asegurarse do mantemento do control de calidade en todas as fases de execución do programa.

Os principios que guiarán as actividades e intervencións do programa serán os seguintes:

– Superior interese do menor. Como todas as medidas de protección e intervención con menores, no Programa de integración familiar deberá estar sempre xustificado por ser a actuación que mellor atende os intereses concretos de cada neno, nena e adolescente (NNA) en cada momento. Iso implica a protección e garantía dos seus dereitos fundamentais como persoa, consagrados na Convención de Dereitos do Neno e recollidos na lexislación estatal e autonómica española.

– Atención ás necesidades dos NNA como eixe prioritario. O Programa de integración familiar, así como os procedementos que se establezan para o seu desenvolvemento, deberán basearse fundamentalmente na súa capacidade para cubrir adecuadamente as necesidades dos NNA.

– Atención integral, individualizada, proactiva e rehabilitadora. A atención do programa aos NNA deberá estar baseada na educación integral do NNA, con especial atención ás súas necesidades intelectuais, afectivas e de relación co seu contorno social. No caso de que se detecten problemas particulares, o programa obrígase a prestarlle a intervención especializada que precise.



– Resulta preciso que os profesionais do programa realicen unha detección temperá de calquera dificultade que poida obstaculizar o adecuado desenvolvemento das intervencións futuras, así como propor aqueles recursos necesarios para a consideración do correspondente equipo técnico do menor.

– O equipo de intervención tratará de que o NNA estea o máis comfortable posible coas actuacións que se lle promovan, á vez que se lle garante un bo trato e reparación da súa confianza nos adultos, e se lle potencie o seu desenvolvemento persoal e a súa integración social.

– Participación dos NNA nas decisións que os afecten. Como subliña a Convención de Dereitos do Neno, o NNA ten dereito a participar nas decisións que o afecten. Por isto, é preciso que se conte coa súa opinión ou perspectiva en calquera proceso en que estea implicado dentro do programa, dada a transcendencia que teñen estas decisións para o seu futuro. No desenvolvemento do Programa de integración familiar, a participación dos NNA debe ser un eixe prioritario do traballo dos profesionais e persoas implicadas, xa que, ademais do seu dereito, é tamén un obxectivo educativo en si mesmo, pois con iso estase a xerar experiencias de carácter persoal e fomentando o desenvolvemento das súas habilidades necesarias para o seu exercicio, á vez que se incrementa o seu nivel de participación nas tarefas e xestións dentro do seu fogar. Este principio débese aplicar igualmente á familia de orixe e aos profesionais que interveñan no programa para a mellora continua das metodoloxías e procedementos de actuación.

– Normalización e especialización. Estes dous conceptos complementarios farán que os NNA poidan gozar dunha vida o máis parecida á do resto dos nenos que viven coas súas familias, tanto no deseño do ambiente físico como nas rutinas cotiás e no acceso aos recursos da comunidade. Pero tamén adquirir aqueles coñecementos e destrezas con que poidan pór en marcha os recursos diferenciados, capaces de cubrir as súas necesidades específicas que, doutro xeito, quedarían desatendidas. Precísase ofrecer á familia de orixe aqueles referentes positivos que lle poidan servir como apoio aos procesos de aprendizaxe, e que favorezan o desenvolvemento natural e potencien os factores de protección fronte aos de risco. Así mesmo, potenciarase a creación de redes sociais que constitúan alternativas referenciais diferentes e externas ao contexto do fogar, proporcionando espazos de vida normalizados e, de ser o caso, apoios sociais personalizados.

– Transparencia, eficacia e eficiencia. O Programa de integración familiar contará cunha metodoloxía deseñada a partir dun proxecto educativo que o contextualice e cunha xusti-



ficación e unhas estratexias de afrontamento e abordaxe coherentes e que poidan ofrecer resultados positivos. A entidade concertada incorporará os sistemas de rexistro que se precisen para o control das principais actividades e incidencias que se desenvolvan, secuenciando e monitorizando a evolución dos NNA mediante unha avaliación continua.

– Proporcionalidade e intervención mínima: as actuacións basearanse no interese superior do NNA e axustaranse ás súas necesidades, polo que as intervencións terán que someterse aos principios de legalidade, necesidade, proporcionalidade e intervención na súa vida escolar, familiar e social, á vez que se asegura a ausencia de praxes e intervencións especializadas sen unha adecuada fundamentación, e que estas non exceden nin o tempo nin a intensidade que require cada caso.

Q.2. Poboación atendida polo servizo.

O programa pretende atender a nenos, nenas e adolescentes, así como familias de orixe destes, nos casos en que os equipos técnicos das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social e Xuventude consideran que un conxunto de intervencións técnico-profesionais poden contribuír a reducir aqueles factores de risco que impiden ou poñen en perigo a convivencia daqueles coas súas familias.

Deste xeito, a poboación atendida pode articularse en dous grupos:

- A familia de orixe, da que a intervención técnica desenvolvida ata o momento conclúe que é susceptible de que se promova e optimice os seus recursos protectores, de xeito que se poida garantir o desenvolvemento integral de nenos, nenas e adolescentes e a cobertura das súas necesidades básicas por parte das súas persoas proxenitoras.
- Os NNA, desde o momento que son propostos para este recurso, ata a súa integración nunha nova situación ou a maioría de idade.

Para a selección das familias, os equipos técnicos das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social e Xuventude seguirán os seguintes criterios:

1. Familias con nenos e nenas residentes en centros de acollida ou en acollemento familiar. Área de Reunificación Familiar.
- Necesidade das familias dunha intervención directa nos seus núcleos familiares para favorecer un rápido e eficaz desinternamento, o que se levará a cabo coa coordinación do persoal educativo e da dirección do centro.



- Potencial reversibilidade da situación que motivou o internamento dos nenos e nenas.
- Existencia de membros da familia extensa en disposición e con posibilidades de colaborar para modificar a situación que favoreza o retorno dos nenos e nenas ao fogar.
- Prestarase atención prioritaria aos nenos e nenas internados en centros residenciais fronte a que estean en acollemento familiar.

2. Familias con nenos e nenas en situación de risco. Área de Preservación Familiar.

Necesidade das familias en situación de risco dunha intervención especializada para evitar o internamento do neno ou nena nun centro de protección e posibilitar a continuidade da convivencia coa súa familia en condicións de seguridade e afecto, o que se levará a cabo cos servizos sociais dos concellos.

3. Familias con grave deterioración familiar con nenos e nenas en situación de desprotección, que seguen a manter relacións cos seus fillos e fillas. Área de funcionalidade familiar.

- A área de funcionalidade familiar utilizarase para aquelas situacións onde exista unha grave deterioración familiar, e terá o carácter de intervención previa á derivación ás outras dúas áreas, facilitando desta maneira un maior tempo de intervención ás familias que permita a consecución de obxectivos. Reservarase para un número limitado de casos, sempre inferior aos casos traballados en preservación familiar e reunificación familiar, pola definición do programa de integración, e a necesidade de priorizar a intervención que garanta o traballo esencial de recuperación das condicións protectoras no menor tempo posible.

- Valoraranse as necesidades das familias gravemente deterioradas que non poden recuperar condicións protectoras nun período de dous anos, pero das que se considera a necesidade dunha intervención para dotalas dunha estrutura e funcionalidade mínima, que lles permita ser unha influencia positiva para os seus fillos e fillas, cando manteñen os contactos por estar aqueles en acollemento residencial ou noutros programas, ou pasar posteriormente ás áreas de preservación e reunificación, segundo as necesidades.

En todos os casos é necesaria a dispoñibilidade da familia para participar no programa e considérase elemento determinante da eficacia do programa que a intervención se produza no momento máis próximo posible ao da detección da necesidade.

CVE-DOG: con4ige5-m121-oyp5-99s7-9ldmktub7j80



Q.3. Contidos do Programa de integración familiar.

O equipo de integración familiar da entidade traballará simultaneamente cunha poboación media de 150 familias en toda a comunidade, distribuídas por provincias en función das necesidades detectadas en cada territorio, prestando especial atención á área de reunificación familiar para evitar así, na medida do posible, a utilización e/ou extensión do recurso de acollemento residencial.

As fases en que se desenvolverá o programa, común para as tres áreas de intervención, son as seguintes:

Primeira. Fase de derivación. A entidade adxudicataria recibirá a derivación que efectúe o equipo técnico do menor da correspondente xefatura da Consellería de Política Social e Xuventude. Xunto coa derivación, o equipo técnico remitirá a información necesaria e oportuna sobre o caso derivado (composición do núcleo familiar, motivo do expediente, situación actual do caso, área de intervención...). A partir dese momento, o equipo de integración da entidade deberá presentarse á familia, documentar o acordo da familia para a participación voluntaria no programa, designar o persoal técnico responsable do caso e documentar o consentimento para o tratamento de datos persoais da familia. A duración desta fase non será superior a 2 meses.

Segunda. Fase de análise e elaboración do plan de actuación. Establécese un período de 4 meses para analizar a situación familiar actual, valorar a información achegada na fase anterior (derivación), completala coas entrevistas pertinentes á familia e a outros axentes e referentes claves do seu contexto, así como coa aplicación de instrumentos de valoración e análise. O obxectivo desta fase é coñecer en profundidade a problemática e elaborar un plan de actuación axustado ás necesidades de cada familia. O dito plan establecerá a estratexia de intervención que seguirá o equipo da entidade, os obxectivos, áreas de intervención, resultados esperados e procedementos e prazos de revisión dos obxectivos e do propio plan de actuación. Este plan de intervención será consensuado coa familia para garantir a máxima colaboración e proactividade.

Terceira. Fase de intervención. A intervención terá como finalidade aplicar as estratexias e técnicas necesarias para mellorar o funcionamento familiar e persoal, xerando cambios en toda a estrutura e dinámica familiar, de xeito que se consiga un contorno familiar protector para os fillos e fillas, conforme os obxectivos fixados no PA.



Os tipos de intervención que se aplicarán son os seguintes:

- Intervención psicosocial: ten por obxecto achegar estratexias que melloren o funcionamento persoal, familiar e social.
- Atención infantil: ten por obxecto garantir a convivencia familiar dos nenos e nenas en condicións de seguridade, estabilidade e afecto.
- Educación familiar: ten por obxecto a adquisición por parte das familias de habilidades e hábitos imprescindibles para cubrir as necesidades dos nenos e nenas.
- Terapia familiar: ten por obxecto axudar a solucionar problemas psicolóxicos, relacionais e condutuais das persoas participantes no programa.
- Apoio familiar: ten por obxecto proporcionar reforzo suplementario ás familias a través de acción de reforzo personalizado segundo as necesidades, a modo de apoio escolar ou respiro familiar.

Cuarta. Seguimento de actuacións. Unha vez posta en marcha a intervención, establececese un procedemento de vixilancia e seguimento do plan de actuación para garantir que se cumpran os obxectivos sinalados e que todas as intervencións se axustan aos obxectivos propostos.

O seguimento sobre o plan de actuación deberá ser, como mínimo, trimestral. Coa periodicidade que se fixe, a persoa responsable do equipo de traballo revisará o grao de cumprimento dos obxectivos recollidos e as actuacións que se levaron a cabo para acadalos, establecendo os mecanismos de corrección e fixación de novos obxectivos, de ser necesario. Este seguimento quedará reflectido nos formularios e rexistros correspondentes, que se remitirán ao correspondente equipo técnico menor.

A entidade adxudicataria do concurso elaborará unha memoria técnica anual, segundo o modelo establecido no anexo VI da resolución de convocatoria do concerto social polo que se regula este servizo, que se remitirá ao Servizo de Protección de Menores da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Ademais, o equipo do Programa de integración familiar elaborará e remitirá os informes puntuais que lle soliciten os equipos técnicos do menor da Consellería de Política Social e Xuventude.



Quinta. Informe final. Rematada a intervención, elabórase o informe final que conterá a síntese do traballo realizado no Plan de actuación: valoración da consecución dos obxectivos establecidos, cumprimento co plan de traballo, situación familiar actual e grao de protección en que se atopan os nenos e nenas e valoración global emitida pola persoa responsable do caso. Este informe enviarase ao correspondente equipo técnico do menor.

Sexto. Seguimento tras a baixa. Unha vez rematada a intervención levarase a cabo un seguimento dos casos aos 3, 6, 12 e 18 meses tras a baixa no programa co fin de obter información que permita coñecer e reforzar a situación de protección dos casos traballados, e reflectirase esa información no rexistro de seguimento pos-baixa.

O período de intervención máximo con cada familia é de 2 anos. Excepcionalmente, pódese prolongar a intervención con familias que, superado este prazo, están próximas a un funcionamento autónomo ou con apoios normalizados.

Q.4. Medios para a prestación do servizo.

4.1. Locais e equipamento:

A entidade adxudicataria achegará a totalidade dos medios e materiais necesarios para facilitar unha atención adaptada ás condicións do servizo, entre os que se atopan o local/locais, material informático, telefónico... adecuados para o desenvolvemento das súas funcións, e de acordo co establecido no punto 2 do prego técnico (cláusula Q.1 desta resolución).

4.2. Desprazamentos e axudas de custo:

Todos os gastos derivados de desprazamentos e axudas de custo correrán a cargo da entidade adxudicataria.

4.3. Marco de actuación:

A entidade adxudicataria deberá garantir o cumprimento dos procedementos establecidos pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia así como a normativa que afecte o servizo.

4.4. Medios humanos:

Os medios persoais necesarios para o funcionamento do servizo serán de contribución da entidade adxudicataria, que deberá poñer á disposición do servizo o persoal necesario



e coa adecuada preparación técnica, de acordo coas indicacións contidas no punto 2 do prego técnico (cláusula Q.1 desta resolución), para a atención dos e das NNA e as súas familias de orixe, que son obxecto deste concerto.

A Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica poderá exercer en calquera momento a comprobación do cumprimento das ratios de persoal da entidade vinculada ao contrato, mediante o requirimento dos documentos TC2-Relación nominal de traballadores, ou ben mediante a comprobación *in situ* a través dos seus servizos de inspección.

A entidade adxudicataria deberá atender debidamente as necesarias substitucións de persoal do equipo técnico en caso de baixa, vacacións, licenzas, etc.

O persoal que forme parte do equipo técnico deberá ter, de acordo co artigo 57 da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte a violencia, certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos.

O equipo técnico interprofesional estará constituído por:

A. Coordinador/a: ten baixo a súa responsabilidade a supervisión e xestión directa do persoal adscrito ao programa. É o/a encargado/a de coordinar o equipo de traballadores/as e constitúe a persoa interlocutora cos servizos da Administración. Contará cunha titulación adecuada do ámbito social, entre as que se contan as de Psicoloxía, Educación Social, Pedagogía ou Traballo Social.

As súas funcións, entre outras, serán as de:

Cumprir as instrucións, directrices e resolucións que a entidade pública dite ao respecto.

- Dirixir e coordinar os servizos prestados pola entidade en relación con este programa e supervisar as tarefas do persoal vinculado ao servizo de xeito que se garante a interdisciplinariedade e a calidade da intervención.

- Planificar e supervisar a intervención educativa.

- Controlar que as instalacións e materiais para a realización do traballo do programa sexan os adecuados e que estean en bo estado para o desenvolvemento das actividades.



- Asegurar que os profesionais e equipos de traballo do programa cumpran coa normativa vixente, as directrices e instrucións das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social e Xuventude e da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, así como coas normas de funcionamento interno do servizo.

- Velar polo cumprimento dos dereitos das persoas usuarias e dos seus proxectos educativos individuais.

- Garantir o proceso e tratamento adecuado das queixas, reclamacións ou suxestións de mellora formuladas polas persoas usuarias do servizo.

- Coordinar o persoal e os equipos do programa co Equipo Técnico do Menor e, se for o caso, cos equipos e profesionais doutros programas en que participe a persoa menor, para garantir e mellorar a eficacia da intervención.

- Asistir ás reunións, entrevistas ou actos procesuais a que sexa convocada pola Administración.

- Velar polo cumprimento da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos, e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

- Calquera outra que veña establecida na normativa aplicable.

B. Área administrativa: o persoal adscrito á área administrativa realizará funcións de apoio administrativo, contable e fiscal no ámbito do programa, e xestionará e arquivará a documentación de que sexa responsable.

C. Responsable/s de comunicación, calidade, formación e control de procesos:

– En relación coa comunicación, efectuará as seguintes funcións:

- Xestionar a comunicación interna e externa do programa.

- Promover a imaxe do programa ante os diferentes ámbitos con que traballe.



• Determinar a maneira en que deberá desenvolver esta comunicación, os valores que deben promoverse e os socios con que aliarse para levar a cabo as súas tarefas.

– En relación coa calidade, formación e control de procesos:

- Analizar a estratexia e contexto da organización do programa.
- Identificar e avaliar os riscos e oportunidades do programa.
- Implantar o plan de mitigación de riscos.
- Realizar o seguimento dos indicadores de calidade e corrixir as súas desviacións.
- Recoller e contestar posibles queixas e suxestións de profesionais e participantes no programa.
- Identificar e avaliar provedores.
- Supervisar as ordes de compra.
- Identificar necesidades de formación.
- Impartir formación interna e sensibilizar ao resto da organización.
- Avaliar a eficacia das accións formativas.
- Identificar e facer seguimento da formación obrigatoria dos profesionais.

D. Equipo técnico interdisciplinar: terá carácter multidisciplinar e estará formado por psicólogos/as educadores/as sociais, traballadores/as sociais e/ou pedagogos/as. Intervirá na supervisión dos casos; será o encargado de deseñar e supervisar as intervencións en cada caso, segundo o plan individualizado de intervención elaborado polo ETM e, de ser o caso, o plan educativo individualizado deseñado polo equipo do acollemento residencial. As súas serán funcións de apoio técnico e supervisión das actuacións postas en marcha con cada NNA e as súas familias. A súa distribución provincial realizarase en función do número dos NNA e as súas familias que sexa asumida pola entidade.



O equipo técnico interdisciplinar será o encargado de realizar intervencións individuais, grupais e terapéuticas que perseguen:

- Intervir coa familia de orixe, baixo as indicacións do Equipo Técnico do Menor, facilitándolle o apoio psicolóxico, emocional, familiar, social e as capacidades e habilidades parentais que precise.
- Seguimento do proceso e da evolución da preservación, reintegración ou funcionalidade familiar.
- Poñer en contacto ás familias participantes no programa cos distintos recursos sociais e económicos do seu ámbito coa finalidade de que poidan cubrir as súas necesidades específicas, e que, doutro xeito, quedarían desatendidas.
- Ofrecer á familia de orixe aqueles referentes positivos que lle poidan servir como apoio aos procesos de aprendizaxe, e que favorezan o desenvolvemento natural e potencien os factores de protección fronte aos de risco.
- Potenciar nas familias a creación de redes sociais que constitúan alternativas referenciais diferentes e externas ao contexto do fogar, de forma que lles proporcionen espazos de vida normalizados e apoios sociais personalizados.
- Seguir unha metodoloxía deseñada a partir da contextualización e das estratexias de afrontamento e abordaxe coherentes para que as familias poidan obter resultados positivos.
- Incorporar todas as actividades e intervencións que desenvolvan coas familias aos sistemas de rexistro que se precisen para o control e seguimento das súas actuacións e para toma de decisión futuras.
- En calquera caso, a proporcionalidade das súas intervencións serán as mínimas e tendo en conta o interese superior do NNA e o axuste as necesidades deste e da súa familia.
- Todas as intervencións realizadas polo equipo se someterán aos principios de legalidade, necesidade de intervención na súa vida escolar, familiar e social, á vez que se lles asegura as familias a ausencia de praxes e intervencións especializadas sen unha adecuada fundamentación, e que estas non excederán en ningún momento a intensidade que require cada caso.



- Axudar a facer fronte ás complicacións.
- Ofrecer orientacións sobre habilidades de coidado e comprensión do significado dos comportamentos.
- Pór en marcha actividades de capacitación parental.

As funcións específicas de cada categoría profesional integrada no equipo interdisciplinar serán as seguintes:

a) Funcións do/da psicólogo/a:

- Valoración da situación psicosocial de cada menor de forma individualizada.
- Valoración da situación psicosocial dos compoñentes habituais das familias dos menores.
- Elaboración e emisión de informes técnicos sobre os menores e os compoñentes habituais das súas familias.
- Asesoramento e apoio á toma de decisións do resto dos compoñentes do equipo técnico e da persoa coordinadora.
- Traballo en contacto directo cos menores sobre as súas características psicolóxicas particulares para conseguir os obxectivos establecidos nos seus plans individualizados de intervención e, de ser o caso, proxectos educativos de centro.
- Elaboración e execución de programas de psicolóxicos tanto individual como grupais cos nenos, nenas e adolescentes.
- Elaboración de informes psicolóxicos que faciliten información sobre as actuacións a desenvolver polos outros técnicos do equipo na súa aplicación do programa individualizado do menor.
- Coordinación con outros especialistas externos, como o psiquiatra, no proceso de avaliación e intervención cos menores que así se requiran.
- Achegar a perspectiva psicolóxica a aqueles profesionais ou integrantes de equipos externos que deban facer algún tipo de intervención co NNA.



- Todas aquelas que así se establezan de acordo á actividade laboral da súa especialidade.

b) Funcións do/da pedagogo/a:

- Deseño e participación no proxecto educativo familiar do menor.
- Valoración da situación educativa de cada menor de forma individualizada.
- Valoración da situación socioeducativa dos compoñentes habituais das familias dos menores.
- Elaboración e emisión de informes técnicos sobre os menores e os compoñentes habituais das súas familias relativos ao seu traballo.
- Participación e asesoramento na realización das adaptacións curriculares e o apoio aos docentes dos menores.
- Responsabilización do proceso de ensino-aprendizaxe desde o recurso de vida cotiá.
- Conveniencia e utilización dos materiais educativos na intervención.
- Asesoramento e apoio á toma de decisións do resto dos compoñentes do equipo técnico e do seu coordinador.
- Orientación e supervisión dos proxenitores no desenvolvemento nos roles parentais de forma positiva desde o punto de vista educativo.
- Traballo en contacto directo cos menores sobre as súas características educativas particulares para conseguir os obxectivos establecidos nos seus plans individualizados de intervención e, de ser o caso, proxectos educativos de centro.
- Favorecer a asunción de responsabilidades e competencias sociofamiliares dos NNA para mellorar a súa adaptación e a súa reintegración familiar.
- Elaboración e execución de programas educativos tanto individual como grupal cos menores.



- Elaboración de informes pedagóxicos que faciliten información sobre as actuacións que se van desenvolver outros técnicos do equipo na súa aplicación do programa individualizado do menor.

- Coordinación con outros especialistas externos, como o mestre ou educador social, no proceso de avaliación e intervención cos menores que así se requiran.

- Achegar a perspectiva pedagóxica a aqueles profesionais ou integrantes de equipos externos que deban facer algún tipo de intervención co NNA.

- Todas aquelas que así se establezan de acordo á actividade laboral da súa especialidade.

c) Funcións dos/das educadores/as sociais.

- Normalización da familia na cultura en que se atopa inscrita.

- Coñecemento, análise e investigación dos contextos sociais e educativos do NNA.

- Xeración de redes sociais, contextos, procesos e recursos educativos e sociais para os proxenitores e os seus fillos/as.

- Mediación social, cultural e educativa entre a familia e o seu contexto social.

- Deseño, implementación e avaliación dos procesos socioeducativos en que se inscriban a familia e os/as seus/súas fillos/as.

- Detección e prevención de situacións de risco ou de exclusión social da familia e os seus fillos.

- Recepción e análise das demandas e necesidades da familia e dos seus fillos.

- Relación da familia e os seus fillos con entidades, institucións e outros servizos da súa contorna que lles xeren a súa integración social.

- Elaboración, seguimento e avaliación do plan conxunto de traballo do equipo técnico.

- Información, orientación e asesoramento, das prestacións e os recursos sociais do territorio que poden facilitar a acción socioeducativa.



- Implementación e avaliación das accións de apoio para reforzar o compoñente socioeducativo da intervención coa familia e as persoas que teñan especiais dificultades no seu proceso de socialización.

- Elaboración dos informes socioeducativos pertinentes.

- Tramitación de propostas de derivación a outros profesionais, servizos municipais ou servizos especializados, de acordo cos membros do equipo técnico.

- Todas aquelas que así se establezan de acordo coa actividade laboral da súa especialidade.

d) Funcións dos/das traballadores/as sociais.

- Tramitación e seguimento das prestacións individuais, como apoio nos procesos de desenvolvemento das capacidades persoais e de inserción social no medio.

- Entrevistas cos menores e as súas familias para observar a evolución dos distintos casos.

- Busca, realización e seguimento das actividades socioculturais da contorna familiar.

- Procura de recursos comunitarios de tipo deportivo, recreativo ou cultural adecuados que permitan aos menores a súa participación neles.

- Coordinación cos servizos sociais comunitarios que interveñen co/coa menor e a familia.

- Organización de actividades puntuais de lecer e tempo libre nas que participen os menores e as súas familias.

- Elaboración dos informes sociofamiliares das súas intervencións.

- Xestionar a documentación social.

- Participación nas reunións de coordinación co resto de equipo técnico e directivo.



- Participación na realización das avaliacións individuais, programacións individuais, seguimentos mensuais e avaliacións finais.

- Realización de informes sociais por pedimento doutras entidades ou institucións.

- Solicitude de subvencións e axudas.

- Todas aquelas que así se establezan de acordo coa actividade laboral da súa especialidade.

6. Relacións entre a Administración e a entidade adxudicataria.

Estableceranse accións de coordinación a varios niveis:

- Xefatura de Servizo das xefaturas territoriais correspondentes a cada caso-Servizo de Protección de Menores da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica-coordinación do Programa de integración familiar.

- O ETM da xefatura territorial a que corresponda o caso coordinarase coa entidade adxudicataria para a planificación e avaliación dos casos derivados a este programa.

- Ademais, a entidade concertada comprométese a estar á disposición da Administración contratante para cantas reunións haxa que manter como consecuencia da realización deste proxecto.

R) Subrogación.

O persoal susceptible de subrogación, así como a información precisa para coñecer unha exacta avaliación dos custeos laborais, que implicará esta medida, imposta pola normativa laboral, exprésanse no anexo VII.

